

Ficha de envío de propostas ao Viveiro de propostas normalizadoras da CTNL

Proposta de nome para o proxecto	Gastas pista?
Datos da persoa que fai a proposta	Nome e apelidos: Ursicino Seco García Enderezo-e: sino@fabaloba.com Profesión/posto/ámbito/entidade: Fabaloba
Breve descrición do proxecto	Creación dun disco recompilatorio de música en galego para pubs, con licencia <i>Creative Commons</i> , e difusión deste a través de eventos organizados e das redes sociais.
Obxectivos da iniciativa	<p>-O obxectivo principal é o de visibilizar a música composta en galego. Nos últimos tempos a calidade e a cantidade da música producida en galego non se corresponde para nada coa súa visibilización. Este tipo de música fica restrinxido a un público máis comprometido ou especializado e esta campaña pretende contribuír a romper con esta tendencia ofrecéndolla a un público máis amplo.</p> <p>-Ao mesmo tempo trátase de dar unha imaxe renovada e “moderna” da lingua entre o público habitual deste tipo de locais.</p>
Explicación de en que consistiría a acción	<p>-O primeiro paso sería o traballo de recompilación de música susceptible de ser incluída no discos ou discos, ben por medio de concursos ou peticións de colaboración na rede ou simplemente contando con xente especializada nese tipo de música.</p> <p>-Logo viría o traballo de xestión cos artistas e gravación do disco.</p> <p>-Sería importante deseñar desde un principio a imaxe da campaña e coidala bastante, para que contribúa a facer atractivo o que queremos promover.</p> <p>-Unha vez que se poña en marcha a primeira parte do proceso, habería que deseñar o tipo de eventos que se farían para a promoción, procurando que sexan dinámicos e fuxindo de espectáculos sexistas. Propóñense pequenos concertos ou sesións de DJs con material promocional e distribución dos discos, por exemplo.</p> <p>-Por ultimo quedaría o traballo de difusión, creando un portal web no que se poida descargar o disco e espallándoo polas redes sociais. Ao mesmo tempo habería que concertar os eventos cos pubs interesados de todo o país.</p>

Destinatarios/as	A acción vai destinada á xente moza en xeral e, sobre todo, aos donos, donas e DJs de locais de ocio.
Quen se propón que a promova?	Sería interesante implicar na súa promoción ao maior número posible de asociacións relacionadas coa música e o lecer, incluso asociacións de hostaleiros. Pero pode ser promovida desde varios servizos de normalización como un produto de ocio para ofrecer nas súas vilas e cidades.
Necesidades materiais	-Para o seu desenvolvemento é preciso un orzamento, que dependerá do deseño total da campaña e do número de locais aos que chegue.
Necesidades humanas	-Son necesarias un grupo de persoas encargada do deseño e xestión de toda a campaña. -Precísase persoal para a promoción. -Precísase a colaboración dos artistas.
Proposta de xestión do proxecto	O proxecto xestionarase por un grupo de persoas multidisciplinar desde o principio, para darlle a maior unidade e eficacia ao global: música, imaxe, espectáculo, promoción... Pódese intentar para o seu financiamento implicar aos locais de ocio ou incluso empresas privadas, sempre que asuman a idea da campaña.
Prazos previstos	A idea é que o proxecto poida estar en marcha nuns poucos meses e empezar coa promoción contra a primavera-verán do 2014, aínda que a actividade se poida estender máis no tempo.
Outras observacións	[Algo máis que engadir para que quede clara a idea?]